

MESA SECTORIAL DO DÍA 9 DE MARZO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 14 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión referida.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE, POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Como alegamos ano tras ano, para ANPE a elección das direccións deberían ser realizadas polos claustros dos centros polo que este non é o modelo axeitado para nós.

Por outra banda consideramos que debería adaptarse, como fai case toda a normativa educativa galega, esta Orde á normativa europea xa que establece como requisito ter determinada antigüidade como funcionario de carreira e non como funcionario (tendo en conta, polo tanto, a antigüidade como interino/a).

Neste sentido, e entrando xa no texto do articulado da Orde:

- No artigo 2 apartado a) consideramos que debe establecerse a antigüidade como funcionario/a e non como funcionario/a de carreira tal e como indicabamos anteriormente en concordancia coa normativa emanada de Europa.
- No artigo 2 apartado e) solicitamos que a documentación acreditativa de ter realizado o curso de dirección se poida presentar no momento de que os/as aspirantes seleccionados/as teñan que achegar toda a documentación xa que hai cursos de dirección (como os do INTEF) que rematan a primeiros de xuño. Tendo en conta que ditos cursos teñen unha validez de 5 anos estaríamos privándoos de poder presentarse nunha convocatoria. Outras comunidades autónomas xa teñen recollido este aspecto na súa normativa.
- Relacionado co argumentación anterior solicitamos a supresión/modificación do apartado b) do artigo 3.1 que menciona a documentación acreditativa da superación do curso de dirección.
- No artigo 3.1 apartado c) demandamos que se coñezan previamente os criterios de avaliación do proxecto de dirección.
- Demandamos modificar a redacción do artigo 3.6 modificando o texto “sen prexuízo do establecido no artigo 4.2 desta orde” por “a excepción do establecido no artigo 2.3 desta Orde”.
- No artigo 4.1 demandamos que se amplíe o prazo a 20 días.
- No artigo 5.1 demandamos que a sede e localidade debe ser o propio centro e non debe quedar a elección da presidencia da comisión. No apartado a) do mesmo artigo 5.1 demandamos que a presidencia da comisión non sexa designada pola Administración senón pola propia comisión.
- Desde ANPE facemos a queixa de que non se respecte na Orde os ditames do Consello Escolar de Galicia en relación as proporcións de participación de cada colectivo na comisión de selección.
- Solicitamos a eliminación da entrevista recollida no artigo 7.4.
- Desde ANPE demandamos a inclusión dun artigo 8.6 que estableza a publicación das puntuacións e do proceso de selección.
- No artigo 11 consideramos que o nomeamento de direccións, no caso de non seleccionar ningún candidato/a, debería ser por un ano en lugar de dous para permitir a presentación futura de posibles candidaturas.

- En relación ao Anexo II da Orde, correspondente ao baremo de méritos, solicitamos a retirada do apartado 2.3 xa que consideramos que é “meritocracia”.
- No apartado 6 do Anexo II consideramos que a valoración do proxecto de dirección debería ser de APTO/A ou NON APTO/A.

A Administración non acepta ningunha proposta e manterá íntegro o texto do borrador da Orde presentado na Mesa Sectorial.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: INICIO NEGOCIACIÓNS OPE – LEI 20/2021.

A Administración presenta un documento inicial con criterios para a determinación do número de prazas, tanto para o concurso de méritos como para o concurso-oposición transitorio que establecen a Lei 20/2021 e que se axunta ao presente informe.

ANPE considera que se debe crear unha comisión técnica para traballar no tema, tema importante que debe ser analizado con profundidade.

A ANPE preocúpalle especialmente os lentos ritmos de traballo por parte do Ministerio. É incomprendible que a estas alturas, e con datas límite establecidos polo propio Ministerio, non teñamos documentos reais de traballo e descoñezamos os últimos borradores sobre modificacións de sistemas de acceso e outro tipo de documentación. O único que é firme é a Lei 20/2021. Outro aspecto que nos preocupa é a seguridade xurídica xa que vemos que a nivel estatal hai criterios establecidos que contraveñen o establecido na propia Lei. Desde ANPE, xa demandamos a nivel estatal, que se presente un informe xurídico sobre todo o proceso. Para ANPE o aspecto da seguridade xurídica é fundamental para evitar futuros problemas.

ANPE tiña dúbidas sobre o que quería establecer a disposición adicional octava pero parécenos que, no documento que presenta a Administración hoxe, vese clara cal é a interpretación que fai Galicia polo que agradecemos que se avance nese tema.

ANPE demanda coñecer o número de prazas que estuda a Consellería para poder facer unha valoración antes de comezar coas sesións dunha posible comisión de traballo. **A Administración resposta que non ten número que posiblemente se ofrezan máis prazas das anunciadas pola Consellería.**

Vemos tamén no documento algún xesto que nos fai pensar na intención de tratar de manter o Acordo de Interinos aínda que somos conscientes de que teremos que sentarnos a falar do mesmo para ver a súa adecuación ao escenario normativo actual.

A intención da Consellería é convocarnos novamente, á maior brevidade posible (o martes vindeiro se é posible) para pechar definitivamente os criterios en base ás propostas das OOS e achegar un documento inicial co número de prazas para o seu estudo.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

Por petición da Administración este punto da orde do día queda adiado ata a vindeira convocatoria prevista para a semana que vén.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:25 horas.